



**FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS**

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



Acta de la reunión da Xunta Directiva da Federación Galega de Tenis, celebrada de forma telemática o día 25 de outubro de 2023 as 19.30 horas en segunda convocatoria coa a presenza dos asistentes que se citan á marxe.

Presidente -D. José Mosquera Casero  
Vicepresidente – D. Gabriel Fernández Mourelle-que actúa na mesma como secretario  
Tesoureira- D<sup>a</sup> Antía García Fernández Vogais-  
D. Juan José Medín Guyatt  
Dna. María Berini Pita da Veiga  
D. Francisco Hernández soto  
Asistencia a Presidencia  
Dna. M<sup>a</sup> Jesús Fernández García  
D. Marco A Casal Costas

### **Acta de sesión**

A reunión é aberta polo presidente, que agradece a asistencia aos membros participantes e disculpa a non asistencia dos que non poideron conectarse e dá paso ao primeiro punto da Orde do Día:

#### **1. Aprobación da acta da reunión anterior.**

É aprobada por unanimidade

#### **2. Evolución das contas no exercicio.**

Fíxose chegar aos membros da Xunta Directiva o estado da conta de resultados a data do peche do mes agosto de 2023.

O presidente informa que na próxima reunión de xunta directiva e de comisión delegada de data prevista para o 24/11/2023 as contas serán moito mais significativas, xa que estarán ao detalle os movementos dos gastos máis importantes, os torneos internacionais e os do plan corresponsables. Deste xeito o presidente aproveita para indicar as datas de:

Festa do Tenis o día 09/12/2023 en Ourense

Asemblea xeral o día 16/12/2023 para aprobar os orzamentos e o calendario do 2024, así como levar para a súa aprobación todo o regulamento de sancións nas competicións, que quedara suspenso pola pandemia.

### **3. Modificación dos Estatutos da FGT, para dar entrada o pickleball e. a outras modalidades do tenis, e outras actualizacións.**

O presidente informa que co rexistro por parte da RFET da nova modalidade de Pickleball nos seus estatutos, a Federación Galega de Tenis tamén debe facelo, polo que se aproveitará para a actualización dos mesmos en relación a incluír tamén o touch tennis. Desta forma as modalidades serían, Tenis, Tenis Cadeira, Tenis Praia, Touch Tenis e Pickleball.

Cada unha das novas modalidades dispoñerá dun comité específico.

Noutra orde de cousas tamén se pretende modificar o artigo relativo á asemblea xeral, incluíndo que os asistentes á asemblea, ademais de recibir o importe de desprazamento, percibirán unha gratificación pola súa asistencia á reunión. Inicialmente o previsto son 30€ suxeitos ao irpf correspondente.



## FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE  
GALEGO

### 4. Lineas xerais dos orzamentos para 2024

En relación ao orzamento para o 2024 está a traballarse nel para presentalo na próxima reunión de xunta directiva e comisión delegada do día 24/11/2023 e unha vez aprobado, presentalo xa na asemblea do 16/12/2023.

O presidente está pendente de reunión co Sr. Diego Calvo, vicepresidente e responsable de deportes na Xunta de Galicia. É importante facerlle ver o incremento de licenzas que tivemos nestes últimos anos e que non se está vendo reflectido no incremento da subvención ordinaria.

Tamén é necesario que se decaten do calendario tan extenso que se está levando a cabo no tenis, tanto a nivel autonómico, como nacional e internacional.

Sería tamén importante que antes de establecer o novo orzamento, aprobábase tamén os orzamentos do estado que sempre serven de referencia.

### 5. Informes do Presidente

a) O presidente lembra o calendario para decembro do Torneo Ibérico, que se xogará do 7 ao 10 de decembro de 2023 en Ourense, coa participación das asociacións de Portugal, e as federacións autonómicas de Asturias, Cantabria, País Vasco e Castela e León.

b) O día 9 será a festa do tenis e todas estas seleccións serán convidadas, ademais do presidente de Portugal e o presidente da RFET entre outras personalidades do deporte. Tamén como fomento da promoción serán invitados o representantes do tenis de Verín, Xinzo e Carballiño.

Durante estes días tamén se fará un torneo de pickleball e touch tennis.

Na Festa do Tenis farase entrega dos trofeos da tempada 2022/2023, é dicir, os trofeos do 2022 e ata setembro do 2023, xa que a competición que se está celebrando agora non se finalizará ata finais de decembro.

c) Hai unha petición recibida de varios clubs de tentar organizar a competición por equipos de veteranos+50 mixto. Xogaríase 2 individuais masculinos, 2 individuais femininos e dous dobres mixtos. A data para a celebración desta competición, se encaixa, sería en xaneiro-febreiro.

Hai que estudar ben o calendario e ver se se pode expor unha competición en forma de concentración. Levarán as opcións para tratalas e aprobalas na reunión de xunta directiva e comisión delegada do 24/11/2023 e posteriormente á asemblea do día 16/12/2023

d) O presidente tamén informa que recibiu peticións de clubs interesados en organizar un torneo cadete itf e algún sub12. A posibilidade de que outorguen autorización para a celebración destas competicións é difícil por parte da ITF, pero fará o posible por conseguir datas.

e) Séguese en trámites coa RFET para ver se en 2023 faise en Galicia algún campionato de España, se finalmente non é posible en 2023, traerase para 2024.



## FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE  
GALEGO

### 6. Rogos e preguntas

Marco A. Casal e Gabriel Fernández informan que se impartirá un curso básico en liña para capitáns de equipos. Trataranse os temas mais relevantes do regulamento da competición por equipos e os deberes e dereitos dos clubs e dos que os capitáns deben estar informados como representantes de cada equipo.

María Berini pensa que este curso sería moi ben acollido porque recibiu bastantes queixas en canto a actuacións dos capitáns, referencia de idades dos capitáns, etc.

Gabriel informa que desde RFET o calendario dos torneos establecerase teniendo en conta o nº da semana, que sempre será a mesma e non a data, xa que esta vai cambiando segundo avanza o propio calendario no tempo.

Sendo as 20:45 horas dáse por pechada a sesión, que asino como secretario da reunión, co Visto e praxe do Presidente.

Gabriel Fernández Mourelle  
Secretario

Vº e Praxe Presidente  
José Mosquera Casero